

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000011



**ACTA DA SESIÓN 11/2022 ORDINARIA  
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión  
ordinaria 12/2022 de data 26/12/2022**

**Secretario**

## **orde do día**

**1.- Acta da sesión anterior (31/10/2022). Aprobación.**

**2.- Declaración institucional conxunta con motivo do día 25 de novembro - Día Internacional contra as violencias machistas. (CIBPS de 22/11/2022).**

**3.- Adhesión do concello de Carballo á Asociación de Entidades Locais pola Lingua. Aprobación. (CIFECRIC de 22/11/2022).**

**4.- Recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente 3/2022. Aprobación. (CIFECRIC de 22/11/2022).**

**5.- Anexo de expropiacións do proxecto construtivo "Demolición de edificación, remodelación de ponte e creación dunha canle de augas altas na rúa do Sol en Carballo. Expediente 2022/U040/000001. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 22/11/2022).**

**6.- Contrato administrativo de servizos, suxeito a regulación armonizada, de "Ayuda en el hogar en el Ayuntamiento de Carballo" (SER 03/2022). Adjudicación. (CIFECRIC de 22/11/2022).**

**7.- Moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada número 202299900004617 de 31 de outubro, para optimizar o funcionamento da escola de natación infantil. (CIBPS de 22/11/2022).**

**8.- Moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada número 202299900004818 de 11 de novembro, para a redacción dun plan especial de infraestruturas e dotación en chan rústico para uso deportivo e cultural na zona da Lagoa (CIBPS de 22/11/2022).**

**9.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada número 202290000006786 de 14 de novembro, para instar á Xunta a que se cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local. (CIBPS de 22/11/2022).**

**10.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada número 202290000006786 de 14 de novembro, sobre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. (CIBPS de 22/11/2022).**

**11.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada número 202299900004877 de 15 de novembro, para solicitar ao Goberno de España a non revisión do delito de sedición. (CIBPS de 22/11/2022).**

### **12.- Seguimento de órganos de goberno:**

12.1.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2010 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao terceiro trimestre de 2022. Toma de coñecemento.

12.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do terceiro trimestre de 2022. Toma de coñecemento.

12.3.- Resolucións da Alcaldía

12.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

12.5.- Rogos e Preguntas

## **ACTA Nº 11/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2022**

Na Casa Consistorial o vinte e oito de novembro de dous mil vinte e dous (28/11/2022) sendo as vinte horas e trinta e dous minutos (20:32 h.), reúnense os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

- Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):
  - Milagros Lantes Seara
  - Juan Manuel Seoane Collazo
  - Marcos José Trigo Facal
  - Xosé Regueira Varela
  - María del Carmen Ures García
  - Maruxa Suárez Cotelo
  - M<sup>ª</sup> Mar Eirís Villar
  - Iván Andrade Tasende
  - Miguel Ángel Vales Mallo
  - Luis María Lamas Álvarez
- Polo Grupo Político Municipal do PP:
  - Rubén Lorenzo Gómez
  - Paula Nogueira Costa
  - María Beatriz Neira Varela
  - José Antonio Domínguez Pallas
- Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:
  - María Carmen Vila Blanco
  - Valentín Costa Trillo
  - César Fernando Varela Novo
- Polo Grupo Político Municipal de TEGA:
  - José Bello Pallas
  - Andrés Eirís Barca

Ausente con excusa:

- María Belén Lendoiro Esmorís

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, Irache Enriquez Albaina, e o Secretario do concello Miguel Piñeiro Souto, que actúa como secretario e dá fe do acto.

### **1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (31/10/2022). APROBACIÓN.**

O Pleno municipal, con dezaoito (**18**) votos a favor, dos representantes presentes do grupo municipal do BNG, (11) Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>ª</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (4) José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (2) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e dúas (**2**) abstencións, dos representantes do grupo municipal de TEGA, José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 31 de outubro de 2022, que foi repartida coa convocatoria.

Andrés Eirís Barca, insiste en mellorar e introducir a videoacta.

## **2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO - DÍA INTERNACIONAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS. (CIBPS DE 22/11/2022).**

Dáse lectura á declaración conxunta á declaración institucional.

Gárdase un minuto de silencio en memoria de todas as vítimas de violencia machista

O Pleno municipal, por unanimidade dos membros presentes (20), polo grupo municipal do BNG, (11) , Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (4) José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA, (2) José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda subscribir dita declaración cuido texto íntegro se transcribe:

A violencia machista segue moi presente na nosa sociedade, mostra da vixencia dun sistema patriarcal que nos últimos dez anos leva provocado 1.171 vítimas mortais no estado español. Non hai moitos meses, a sociedade carballesa enchía a Praza do Concello para berrar que queremos un concello libre de violencias machistas. Porque a violencia de xénero tócanos moi de preto. O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Carballo, no que tamén atendemos a mulleres dos concellos de Ponteceso, Malpica e Coristanco, leva atendido este ano a máis de 60 mulleres vítimas da violencia machista. Estamos, polo tanto, ante un problema que debe preocuparnos e ocuparnos.

Pero ademais desa preocupación pola vixencia da violencia machista, o contexto do ano 2022 engade a incerteza dunha situación económica marcada pola escalada de prezos, un problema que nos afecta a todas e todos, pero que impacta con maior virulencia nas mulleres, afondando na desigualdade.

Estamos nun momento no que, ademais, medran os discursos misóxinos que afirman que a violencia non ten xénero e cuestionan a desigualdade e a violencia machista. Por iso é máis necesario aínda que quede ben claro que si, que a violencia si ten xénero e que ademais é unha violencia estrutural e fortemente ancorada na sociedade. Atópase presente en todos os países e culturas, independentemente do nivel educativo e a posición social.

Queremos manifestar a nosa condena a cada un deses 1.171 asasinatos machistas e a nosa solidariedade coas mulleres e nenas agredidas, coas mulleres e as súas fillas e fillos que conviven coa violencia machista. Pero as condenas e os actos de repulsa non abundan. Debemos ir máis alá, e acadar un contrato social para acabar dunha vez por todas coa violencia de xénero. Dende o Concello de Carballo propoñemos a adhesión de toda a sociedade ao seguinte compromiso:

Promocionar o Centro de Información ás Mulleres como un dos recursos municipais máis importantes cos que contamos para loitar contra as violencias machistas e pola igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Visibilizar a realidade das violencias machistas a través de campañas e iniciativas que axuden a combatelas con formación e con información real, transparente e contrastada.

Traballar, dentro das competencias municipais, por unha educación en igualdade, porque só deste xeito poderemos acadar unha sociedade libre.

Instar aos medios de comunicación, ás empresas, entidades e persoas que a nivel individual utilizan as redes sociais a asinar este contrato social, comprometéndose a erradicar as mensaxes que sitúan a responsabilidade da violencia machista nas mulleres.

Por un Carballo libre de violencias.

## **3.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO Á ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA. APROBACIÓN. (CIFECRIC DE 22/11/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/11/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da técnica de normalización lingüística de 24/10/2022 e da concelleira delegada de Mocidade, Normalización Lingüística e Festas do 25/10/2022.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, indica que votarán a favor.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, igualmente sinala o voto favorable por ser interesante.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, móstrase favorable á proposta.

Maruxa Suárez Cotelo, concelleira delegada de Mocidade, Normalización Lingüística e Festas, agradece os votos a favor e adianta que, coa incorporación da nova normalizadora lingüística, realizarán novos programas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno municipal por unanimidade dos membros presentes **(20)**, polo grupo municipal do BNG (11), Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

1. Manifestar a vontade do Concello de Carballo de adherirse á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.
2. Aceptar os estatutos da dita asociación.
3. Manifestar o compromiso deste pleno de incluír no orzamento xeral deste Concello os fondos necesarios para a cota ordinaria de participación na asociación.
4. Comprometerse a habilitar o crédito necesario na aplicación correspondente ao orzamento de 2023 para pagar a primeira cota de 5.000,00 € .
5. Nomear como persoa que vai representar o Concello de Carballo en Alingua a Maruxa Suárez Cotelo, concelleira de Festas, Mocidade e Normalización Lingüística e como suplente a Marcos José Trigo Facal, concelleiro delegado de Deporte e Cultura.
6. Nomear como contacto técnico coa asociación a María del Carmen Pereiro Felípez, técnica de normalización lingüística.

#### **4.- RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS DE EJERCICIOS ANTERIORES. EXPEDIENTE 3/2022. APROBACIÓN. (CIFECRIC DE 22/11/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/11/2022, punto 3 da orde do día, relativo á proposta do Alcalde do 17/11/2022 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, expediente número 3/2022.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, sinala que a pesar de ser de pouca contía hai facturas ás que lle fan falta contratos.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, afirma que aos provedores hai que lles pagar, non obstante tamén é preciso ter contratos, se ben hai veces que non se pode máis...xa se reforzou o servizo de contratación...pero non se pode facer máis.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, agarda seguir na liña de ser facturas de escasa contía, absterase ao ser obrigas ás que hai que facer fronte.

Evencio Ferrero Rodríguez, presidente da sesión, sinala que é unha contía pequena e que Carballo atópase nuns parámetros máis que razoables, son facturas que as empresas entregan tarde cando os exercicios están pechados polo que non depende nin de crédito, nin de contratación, os propios provedores deben achegar as facturas antes do 15 de decembro.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con once (11) votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez, e nove (9) abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela, PSdeG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente número 03/2021 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2021 por importe de 18.749,72 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2022/1128	C202101 081	30/11/2021	101,49	CO	B70485362	ALENER LOGISTICA SL	SERVICIOS MENSAJERIA PRESTADOS STAND CARBALLO EXPOOURENSE
F/2022/1461	2021 T 000832	31/12/2021	94,38	CO	B70104781	FARIÑA MAQUINARIA SL	TRACTOR NEW HOLLAND TD5.115 / MANO DE OBRA TALLER FERREIRO CAAMAÑO DAVID Desde: 20/12/2021 10:06 hasta: 10:39 / MANO
F/2022/1462	2021 T 000831	31/12/2021	814,69	CO	B70104781	FARIÑA MAQUINARIA SL	TRACTOR NEW HOLLAND TD5.115 / FLEAU LARGES D12 ET - CUCHILLAS / GOMA SUELO / LIMP. CONTCT SEC. RAPID 400ML / VÁLVULA AAC
F/2022/1629	241	22/12/2021	94,38	CO	52434483A	MARQUEZ VARELA FLORINDA	13MT TELA DE PUNTO NEGRA DEP. PROMOCIÓN ECONÓMICA
F/2022/1662	PI22 174	26/04/2022	358,16	CO	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	ESQ MODELO B D. JUAN JOSÉ OTERO PEREZ 26/04/2022 / PUBLICADA EL DÍA 27/09/2021 ( PUBLICADA EL DÍA 27/09/2021 ) / RECTIF
F/2022/1663	PI22 175	26/04/2022	1.611,72	CO	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	EXPTX EXPROPIACION FORZOSA SX-VII/AU06 26/04/2022 / ANUNCIO PUBLICADO EL 17/09/2021 ( ANUNCIO PUBLICADO EL 17/09/2021 )
F/2022/1897	A 135	30/04/2022	1452	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	ALQUILER TORRES ILUMINACION (14/12-16/12) ( CAMPO FUTBOL AS EIROAS PARTIDO BERGANTIÑOS COPA DO REI 15/12/2021 )
F/2022/1948	FV-21003952	15/09/2021	282,59	CO	B70534508	BM CREA GALICIA SL	BIG BAG GRAVILLA 10-25MM CEMENTO GRIS 32,5 N 25 KG PALET MADERA COSMOS OBRA ENTRECUCES
F/2022/1999	Emit-2100969	30/10/2021	99,38	CO	B15771553	POMBO FADAUTO S.L.	Realizar mantenimiento, cambio de aceite, filtro aceite y revisar niveles y luces. NISSAN PICK UP 4230DCZ BRIGADA DE OBR

F/2022/2072	1/2021/0915	30/09/2021	27,19	CO	B70608682	MP DISTRIBUCIONE S BERGANTIÑOS SL	AGUA NATURAL 19L / AGUA NATURAL 19L / AGUA NATURAL 13LSEPT 2021- PROTECCIÓN CIVIL
F/2022/2089	A 119	15/04/2022	5082	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	ALQUILER TORRES ILUMINACIÓN 6 FOCOS (01/12/21-09/12/21) ( CAMPO DE FÚTBOL, PARTIDO BERGANTIÑOS COPA DO REI 15/12/2021)
F/2022/2152	FR 00000135	25/05/2022	86,25	CO	B15149198	CLIMAGAL SL	Nº 0000005624 13/01/21 MUSEO BERGANTIÑOS. RUA MARTIN HERRERA 8 CARBALLO. REVISAR PROGRAMACION SEGÚN INDICACIONES CLIENTE
F/2022/2178	1/2021/0533	30/06/2021	131,31	CO	B70608682	MP DISTRIBUCIONE S BERGANTIÑOS SL	AGUA NATURAL 19L / [706] VASOS 220 CC 100UDS / PROTECCIÓN CIVIL
F/2022/2179	1/2021/0597	31/07/2021	155,86	CO	B70608682	MP DISTRIBUCIONE S BERGANTIÑOS SL	AGUA NATURAL / ALQUILER ENFRIADORES - PROTECCIÓN CIVIL
F/2022/2180	1/2021/0740	31/08/2021	156,55	CO	B70608682	MP DISTRIBUCIONE S BERGANTIÑOS SL	ALQUILERES ENFRIADORES / AGUA NATURAL - PROTECCIÓN CIVIL
F/2022/2480	JM20/281	29/02/2020	12,26	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	OBRA PARQUE DO ANLLONS BOLSA FIBRA POLIPROPILENO ADRIL 600GRS ALB 404 21-02-20
F/2022/2481	JM21/594	31/05/2021	266,47	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	OBRA ACOPIO SACO CEMENTO GRIS 25KG ALBARAN JM21 1266 27/05/2021
F/2022/2483	JM21/596	31/05/2021	22,36	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	OBRA MARQUESINA SAN SADURNINO BORDILLO ALBARAN JMA21-1257 26/05/21
F/2022/2587	A 176	25/05/2022	1.371,66	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	BRAZO ELEVADOR DIESEL-COLOCACIÓ ANDAMIO EUROPEO PARTIDO COPA DEL REY DEL BERGANTIÑOS
F/2022/3105	AAFV21-A01710	15/09/2021	1452	CO	F01763432	ACENTO S.COOP.AND	PRODUCCIÓN FESTIVAL CARBALLO INTERPLAY 2021: Asistencia de producción no festival de contidos dixitais realizado no Pazo d
F/2022/3151	22 1	30/06/2022	1.767,21	CO	79334155W	RIOS CHOUCIÑO PATRICIA	Limpieza de locales sociales pendientes del año 2021 de Rus, Noicela, Entrecruces, Outon Sisamo y calle Cristina
F/2022/3456	1/2020/0912	31/10/2020	26,62	CO	B70608682	MP DISTRIBUCIONE S BERGANTIÑOS SL	AUGA - PRAIAS
F/2022/3486	118	29/08/2021	240	CO	46913944Q	MARTINEZ RODRIGUEZ ROCIO	PREMIO CONCURSO FRORES SAN XOAN 2021 4 MENÚS RESTAURANTE PEMENTA ROSA
F/2022/3487	143	14/12/2021	60	CO	46913944Q	MARTINEZ RODRIGUEZ ROCIO	CONCURSO FRORES SAN XOÁN 2021 1 MENU RESTAURANTE PEMENTA ROSA
F/2022/3730	120.531	11/08/2022	39,8	CO	B70143854	LIBRERIA BRAÑAS VERDES ATC S.L.	VARIOS MATERIAL DE OFICINA PROT CIVIL SEGÚN ALB. 2077 13/12/2021
F/2022/3860	2453/02	29/12/2021	197,23	CO	B15061302	MADERAS LAMELAS, S.L.	OBRA FONTE DE GOIANS FIBRA HIDROFUGA 244X122X19 CORTES MAQUINA SECCIONADORA.
F/2022/4787	27	21/04/2022	2.043,71	CO	B70106596	REBOBINADOS SANDE, S.L.	MATERIAIS VARIOS BRIGADA DE OBRAS ANOS 2019 E 2020
F/2022/4788	23	01/04/2022	702,45	CO	B70106596	REBOBINADOS SANDE, S.L.	ACUMULADOR HIDRONEUMÁTICO, BOMBA R-20 (ANO 2021) PARA COLEXIO SOFÁN
			18.749,72				

**Segundo.** - Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e ordear o seu pago.

## 5.- ANEXO DE EXPROPIACIÓNS DO PROXECTO CONSTRUTIVO “DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN, REMODELACIÓN DE PONTE E CREACIÓN DUNHA CANLE DE AUGAS ALTAS NA RÚA DO SOL EN CARBALLO. EXPEDIENTE 2022/U040/000001. APROBACIÓN INICIAL. (CIFECRIC DE 22/11/2022).

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/11/2022, punto 4 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 17/11/2022.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, sinala o voto favorable.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, afirma que por fin se realizará a demolición.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, pregunta se o edificio xa é propiedade do Concello.

Evencio Ferrero Rodríguez, presidente da sesión, matiza que se están mesturando cousas: que non é a expropiación do edificio senón unha tira que esta en fronte.

Sometido o asunto a votación, o Pleno municipal por unanimidade dos membros presentes (20), polo grupo municipal do BNG (11), Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSDG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista no proxecto construtivo aprobado por Augas de Galicia o 22 de setembro de 2022 "DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN, REMODELACIÓN DE PONTE E CREACIÓN DUNHA CANLE DE AUGAS ALTAS NA RÚA SOL, CARBALLO (A CORUÑA)", segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. e asinado pola enxeñeira técnico agrícola Beatriz Blanco Lois (n<sup>o</sup> colexiada 1.909).

**Segundo.-** Ter por declarada a utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra hidráulica prevista no proxecto "DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN, REMODELACIÓN DE PONTE E CREACIÓN DUNHA CANLE DE AUGAS ALTAS NA RÚA SOL, CARBALLO (A CORUÑA)", formulada como unha actuación prioritaria fronte ás inundacións e, de xeito específico, aumentar a capacidade de desague substituíndo a ponte actual e creando unha canle de augas altas, que actúa como by-pass en época de avenidas protexendo a vila de Carballo fronte as inundacións, de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29, e na disposición adicional oitava, da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

**Terceiro.-** Someter á información pública o proxecto da obra e o anexo de expropiacións por prazo de 20 días, mediante a publicación de anuncios, no taboleiro municipal, no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e en dous diarios da provincia, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, co fin de rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a



ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persigue.

**Cuarto.-** Formular e aprobar inicialmente a seguinte relación de bens e dereitos afectados que figura no anexo de expropiacións indicado.

RELACIÓN BENS E DEREITOS AFECTADOS										
Nº FINCA	TITULAR	REF. CATASTRAL	D.N.I.	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	DESTINO	SUP. TOTAL (m2)	SUP. AFECTADA (m2)		OUTROS BENS E DEREITOS AFECTADOS
								PLENO DOMINIO		
1	CONCELLO DE CARBALLO	5443707NH2854S0001RF		SOLO RÚSTICO	RURAL	CONSTRUCCIÓN	385,00	385,00		
2	ARBOLANDIA S.L.	5543611NH2854S0001QF	B1579****	SOLO RÚSTICO	RURAL	CONSTRUCCIÓN	573,00	216,00		

**Quinto.-** Notificar a relación de bens e dereitos afectados individualmente ás persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, para que poidan formular alegacións no prazo de 20 días, a contar do seguinte á data de notificación.

**Sexto.-** Requirit aos interesados titulares de bens e dereitos afectados para que acheguen os títulos que os acrediten como propietarios das mesmas. Advertindo que a publicación deste acordo producirá tamén os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **6.- CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVICIOS, SUJETO A REGULACIÓN ARMONIZADA, DE "AYUDA EN EL HOGAR EN EL AYUNTAMIENTO DE CARBALLO" (SER 03/2022). ADJUDICACIÓN. (CIFECRIC DE 22/11/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 22/11/2022, punto 5 da orde do día, relativo á proposta do Alcalde do 17/11/2022 relativo ao "Contrato administrativo de servicios, sujeto a regulación armonizada, de Ayuda en el hogar en el Ayuntamiento de Carballo"

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, sinala que ten varias dúbidas como os servizos complementarios ou o que cobran por convenio.

María del Carmen Ures García, concelleira delegada de Igualdade, Benestar e Sanidade, contesta estas.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, sinala que hai unha garantía técnica nas mesas de contratación e que se vai abster por ser unha cuestión técnica sendo preciso que calquera empresa cumpra coas súas obrigas laborais e que nunha mesa na que participan secretario e interventora non ten dúbida de nada.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, sinala que é un dos contratos máis importantes e protexido pola Lei de dependencia que está a incumplir o Estado. Agarda teña seguimento o cumprimento cos traballadores dos que eloxia que estivesen en primeira liña en época de pandemia incluso con falta de EPIS nas traballadoras.

Exp. 2022/G010/000011

María del Carmen Ures García, concelleira delegada de Igualdade, Benestar e Sanidade, afirma que dende o Concello, na medida das súas posibilidades, cedeulle á empresa o material que podía, se ben era un momento complicado porque non había material. Matiza que parte da competencia lle corresponde á Xunta e pide que non se “boten balóns fóra”.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, pregunta polo prezo/hora.

Milagros Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación sinala que falamos dos prezos/hora máis altos de Galicia e que ata agora recorríase os pregos polo prezo e o do Concello de Carballo non foi recorrido.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, sinala que o prezo hora é o máis alto de Galicia e pregúntase se ao mellor podería pagarse máis...se ben tamén hai outros criterios de adxudicación no sobre C. Contesta o Sr Lorenzo que as competencias as teñen as comunidades autónomas e terán que subir algo a asignación para prestar con maior dignidade este traballo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con once **(11)** votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez, e nove **(9)** abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela, PSdeG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca , acorda:

### **Primero.- Adjudicación.**

Adjudicar el contrato administrativo de servicios, sujeto a regulación armonizada, de “Ayuda en el hogar en el Ayuntamiento de Carballo”, con referencia SER 03/2022, a la entidad Fundación para el Estudio y la Promoción de la Acción Social (FEPAS), CIF G83273284, y domicilio social en Zaragoza, calle Cabezo Buenavista, 7, correo electrónico para la práctica de notificaciones: proyectos@fepas.org.

El servicio se ejecutará conforme a la oferta presentada por el adjudicatario el 13/05/2022, y, en todo caso, con estricta sujeción al cuadro de características del contrato (CCC), al pliego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) y al pliego de prescripciones técnicas del contrato administrativo con referencia SER 03/2022, aprobado a medio de acuerdo plenario del día 28/02/2022.

### **Segundo.- Precios unitarios de adjudicación.**

Adjudicar el contrato administrativo de servicios, sujeto a regulación armonizada, de “Ayuda en el hogar en el Ayuntamiento de Carballo”, con referencia SER 03/2022, en los siguientes precios unitarios/hora ofertados por Fundación para el Estudio y la Promoción de la Acción Social:

Precio hora SAF dependencia lunes a sábados:	21,61 € (sin IVA)
Precio hora dependencia domingos y festivos:	24,08 € (sin IVA)
Precio hora libre concurrencia lunes a sábados:	20,42 € (sin IVA)

El precio máximo de adjudicación (sin IVA) ofertado por el contratista para la anualidad 2022 asciende a 1.506.237,00 €.

El precio máximo de adjudicación (sin IVA) ofertado por el contratista para la anualidad 2023 asciende a 1.651.041,00 €.

### **Tercero.- Mejoras. Servicios complementarios.**

El contratista igualmente se compromete a ejecutar los servicios complementarios ofertadas por él en su oferta de 13/05/2022, y que son los siguientes:

<b>Servicios complementarios ofertados por Fundación para el Estudio y la Promoción Social. (sobre el mínimo previsto en el Pliego)</b>	<b>Sesiones anuales</b>
Servicios de fisioterapia:	250 sesiones
Servicios de podología:	150 sesiones
Servicios de asistencia psicológica:	110 sesiones
Servicios de peluquería:	110 sesiones
Servicios de limpiezas extraordinarias	10 sesiones
Servicios de lavandería:	15 sesiones
<b>Ayudas técnicas ofertadas</b>	<b>Anuales</b>
Camas articuladas:	5 unidades
Grúas de movilidad personal:	5 unidades
Colchones antiescaras:	4 unidades
Sillas de ducha-baño:	4 unidades
Otras ayudas:	8 unidades

El coste de la realización de estas mejoras será asumido íntegramente por el contratista adjudicatario.

### **Cuarto.- Compromisos y obligaciones esenciales.**

Los compromisos asumidos por el adjudicatario en el sobre o archivo electrónico "2" de su oferta, subtítulo "Referencias técnicas" (presentado a través de PLACE el 13/05/2022) relativos a los apartados "Propuesta de organización y prestación del servicio" y "Recursos humanos, materiales y técnicos", se integrarán en el contrato y tendrán el carácter de obligaciones esenciales a los efectos previstos en los artículos 192 a 194 y 209 LCSP.

Se considerarán asimismo obligaciones esenciales, a integrar en el contrato, la oferta realizada por el adjudicatario en el sobre o archivo electrónico número "3", referida al precio.

Así mismo, tendrán carácter de obligaciones esenciales del contrato los compromisos de adscripción de medios personales y materiales. Estos compromisos se harán constar específicamente en el documento de formalización contractual.

### **Quinto.- Condiciones especiales de ejecución.**

El adjudicatario deberá cumplir con las condiciones especiales de ejecución de carácter laboral, social y medioambiental establecidas en el epígrafe 12 del cuadro de características del contrato y la cláusula 24.6 y 30.4 del pliego.

En caso de incumplimiento de las condiciones especiales de ejecución se impondrán al contratista las penalidades establecidas en la cláusula 25.3 del PCAP. El incumplimiento de las condiciones especiales de ejecución podrá ser considerado como infracción grave a los efectos establecidos en la letra c) del apartado 2 del Art. 71 LCSP.

#### **Sexto.- Subcontratación.**

Se le advierte al contratista, que, de acuerdo con su oferta, no podrá subcontratar la ejecución de este contrato de servicios.

#### **Séptimo.- Seguro de responsabilidad civil y accidentes.**

El adjudicatario, de acuerdo con las cláusulas 20.1.8 y 28 del PCAP y 14 del PPT, deberá concertar y acreditar que dispone de un seguro de responsabilidad civil y de accidentes que cubra todas sus posibles responsabilidades ante la Administración derivadas de la ejecución del contrato en los términos indicados en citada cláusula.

El contratista presentó el 04/10/2022 (R.E. núm. 202299900004138) certificado de seguro y póliza de responsabilidad civil núm. 4020009609-0 de la Entidad Previs Seguros, con un plazo de vigencia hasta el 28/09/2023, y recibo de pago de la misma. El contratista deberá mantener vigente la póliza durante la ejecución del contrato y plazo de garantía.

#### **Octavo.- Protección de datos.**

El adjudicatario, en la realización de los trabajos contratados, adecuará sus actuaciones a la normativa vigente sobre Protección de Datos de Carácter Personal y a lo establecido en la cláusula 27 del PCAP. El contratista deberá respetar en su integridad la normativa sobre Protección de Datos de Carácter Personal, de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional vigesima quinta de la LCSP.

Es condición especial de ejecución la obligación del contratista de someterse a la normativa nacional y de la Unión Europea en materia de protección de datos (epígrafe 12 del CCC).

En caso de incumplimiento de las condiciones especiales de ejecución se impondrán al contratista las penalidades establecidas en la cláusula 25.3 del PCAP. El incumplimiento de las condiciones especiales de ejecución podrá ser considerado como infracción grave a los efectos establecidos en la letra c) del apartado 2 del Art. 71 LCSP.

#### **Noveno.- Financiación.**

Disponer el gasto con cargo a la aplicación presupuestaria 2310.- 22799 "servicio externo de ayuda en el hogar" del Presupuesto de la Corporación de 2022.

La administración contratante se compromete a consignar crédito adecuado y suficiente en los presupuestos de los ejercicios económicos 2023 y 2024 y en caso de prórroga 2025 y 2026 para hacer frente a los gastos que de él se deriven.

#### **Décimo.- Revisión de precios.**

El precio de contratación de los servicios comprendidos en este contrato no podrá ser objeto de revisión en ningún caso y por lo tanto no se aplicará fórmula ninguna de revisión al no existir índice o método de cálculo que refleje la evolución de los costes que inciden en el objeto de la prestación. Por lo tanto el precio del contrato no sufrirá variación ninguna a lo largo de su vigencia, ni siquiera en

caso de que por virtud de disposiciones laborales se modificaran los periódicos, cuotas de la Seguridad Social, o cualquiera otra remuneración del personal que se emplee.

#### **Décimo primero.- Plazo de ejecución.**

El plazo de ejecución de los servicios será de dos (2) años, contado a partir del día siguiente a la formalización del contrato en documento administrativo y prorrogable antes de su finalización, por dos (2) años más, mediante prórrogas anuales, sin que la duración total del contrato, incluidas las prórrogas, pueda exceder de cuatro (4) años.

#### **Décimo segundo.- Formalización del contrato.**

Notificar al contratista para que, de acuerdo con el art. 153 de la LCSP, transcurridos los quince (15) días hábiles desde que se remita la notificación de la adjudicación a los licitadores, formalice el contrato correspondiente.

Se advierte al contratista que si, por causas a él imputables, no se formalizara el contrato dentro del plazo de cinco (5) días naturales, a contar desde la finalización del plazo indicado en el párrafo anterior, la Administración podrá acordar la resolución del mismo, con las consecuencias previstas legalmente (art. 153.4 de la LCSP).

#### **Décimo tercero.- Notificación al responsable del contrato.**

Notificar este acuerdo de adjudicación al responsable del contrato, que será la Concejala delegada del Área de Igualdad, Bienestar y Sanidad.

#### **Décimo cuarto.- Supervisor de los trabajos.**

Asumirá las funciones de supervisión de los trabajos la persona a D<sup>a</sup> Ana Hoyuelos Bolón, Jefa de Servicios Sociales del Ayuntamiento de Carballo.

#### **Décimo quinto.- Publicidad.**

Efectuar la correspondiente publicación del presente acuerdo en el perfil del contratante, de conformidad con lo señalado en el art. 154 de la LCSP.

Notificar la adjudicación a los candidatos que no resultaron adjudicatarios, en los términos señalados en el art. 156 de la LCSP.

Comunicar los datos básicos del contrato al Registro de Contratos del Sector Público, de conformidad con lo dispuesto en el art. 346 de la LCSP 2017 (Ley 9/2017, de 8 de noviembre).

### **7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TEGA, REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 202299900004617 DE 31 DE OUTUBRO, PARA OPTIMIZAR O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE NATACIÓN INFANTIL. (CIBPS DE 22/11/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/11/2022, punto 3 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada número 202299900004617 de 31 de outubro, para optimizar o funcionamento da escola de natación infantil, cuxa parte expositiva se transcribe:

Vémonos avocados a traer este asunto a pleno, en forma de moción, xa que órgano que ten por finalidade a consulta, asesoramento, proposta, información e participación sobre a actividade deportiva no ámbito territorial do concello, onde

Exp. 2022/G010/000011

entendemos que tiña que ser proposta esta iniciativa, leva sen celebrarse desde o ano 2018, o Regulamento do CDMC no artigo 6, no punto 4, di que “O pleno do CDMC deberá xuntarse, como mínimo unha vez ao ano, en sesión ordinaria”.

Por unha banda o Concello de Carballo imparte con persoal propio a Escola de Natación Infantil curso 2022-23.

A escola iniciou a actividade o 12 de setembro e finalizará a finais de xuño (vai co ano académico), cunha oferta inicial de 650 prazas para nenos e nenas de 3 a 9 anos (+-), onde teñen preferencia os nenas e nenas do curso anterior que non superen a idade máxima para o seguinte curso ou que superada a idade máxima non cumpriron os obxectivos de nivel por diferentes motivos, e complétanse as prazas en 1º lugar cos nenos e nenas preinscritos na escola que sexan abonados e en 2º lugar cos preinscritos que non sexan abonados.

A escola municipal ten 3 niveis e todos os grupos fan unha sesión semanal. Hai en total 56 grupos. (4 grupos de fase 1, 28 grupos de fase 2 e 24 grupos de fase 3).

Os prezos por 45 minutos de clase á semana son 2,60 €/mes para abonados e 6,50 €/mes para non abonados.

Por outro lado tanto o club de natación coma o club de salvamento acuático tamén imparten cursos para aprender a nadar, 45 minutos cada sesión, 1 sesión á semana e tamén con 3 niveis diferentes. O club de natación oferta 19 grupos e o club de salvamento 14 grupos, este último ademais oferta un grupo para natación adaptada.

Os prezo da actividade impartida polas entidades privadas ten unha matrícula de 30 € e unha cota mensual entre os 22,5-25 €, ademais de pagar a licenza federativa (para ter un seguro de accidentes) aínda que non compitan.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, sinala que hai tres escolas e que a proposta é que haxa unha soa dado que esta é para aprender a nadar e o que se pretende é evitar que un pai pague máis nun club que nunha escola. Pide que se aproveiten mellor os 918.000 € que o concello gasta en salarios.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, non comparte que se unifiquen todos os clubs aínda que si está de acordo en potenciar a escola municipal.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, indica que o obxectivo é que todas as persoas en idade escolar aprendan a nadar en Carballo, porque se fala de que non hai lista de espera, pero é porque moitos nenos deben acudir a piscinas da contorna e non deberían ter que desprazarse.

Marcos José Trigo Facal, concelleiro delegado de Deporte e Cultura, agradece que se presenten propostas en positivo non obstante critica a oportunidade desta xa que agora non é momento de cambiar nada e tamén hai que ter en conta as sensibilidades dos clubs...engade que temos uns técnicos deportivos fantásticos...conclúe que quen teña outro modelo que o propoña de cara ás eleccións de maio.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, manifesta que é unha proposta en positivo, pero que non ten que ter carácter inmediato. Sinala que en Cataluña hai unha estaxe por cada 25000 habitantes e en Galicia cada 12000, indica que que collen 17 persoas e que el cando acode ás instalacións esta só nela e conclúe que cunha piscina chegaba tendo en conta o gasto de mantemento que comporta. Conclúe que se recadan 300.000 € e e pico e non dán nin para a metade dos salarios do persoal.

Evencio Ferrero Rodríguez, presidente da sesión, concorda e sinala que foi unha decisión errada e cunha piscina chegaba, pero que agora a realidade é a que é.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, indica que se pode meter cemento na piscina e facer alí outra cousa.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con doce **(11)** votos en contra, dos representantes do grupo municipal do BNG (11), Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; sete **(7)** abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela, e do grupo municipal do PSdeG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e dous **(2)** votos a favor, dos representantes do grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda rexeitar a moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada número 202299900004617 de 31 de outubro, para optimizar o funcionamento da escola de natación infantil.

## **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE TEGA, REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 202299900004818 DE 11 DE NOVEMBRO, PARA A REDACCIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN EN CHAN RÚSTICO PARA USO DEPORTIVO E CULTURAL NA ZONA DA LAGOA (CIBPS DE 22/11/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/11/2022, punto 4 da orde do día, en relación á moción presentada polo grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada número 202299900004818 de 11 de novembro, para a redacción dun plan especial de infraestruturas e dotación en chan rústico para uso deportivo e cultural na zona da Lagoa, cuxa parte expositiva se transcribe:

Na actualidade Carballo ten carencias moi grandes en canto as instalacións deportivas municipais, os complexos deportivos Vila de Noia e Carballo Calero non están adaptados ao que a poboación demanda e as actuacións levadas a cabo polo Bng nos últimos anos non mitigaron para nada as limitacións de ambos equipamentos, os campos de fútbol das Eiroas teñen unha mala ubicación que limita moito a consecución dos obxectivos para o cal se executaron, onde outra vez, o grupo de goberno, nunha instalación herdada, non só non foi capaz de dar solución ao problema se non que dilapidou unha morea de cartos que pouco contribuíu a aumentar a práctica deportiva.

A cidadanía de Carballo demanda unha área coa suficiente oferta deportiva para o esparcemento e formación da súa infancia e xuventude, o mantemento e relaxación de súa poboación en xeral e a mellora da actividade física para nosos maiores.

Todo elo sen ter que desplazarse ata o Polígono Industrial de Bértoa e a cinco minutos a pé desde o centro urbano. Un factor positivo para que a cidadanía faga deporte e vivir cerca dunha instalación deportiva.

De esta maneira sí se mellora a mobilidade verde no casco urbano potenciando os desplazamentos a pé, en bici e outros alternativos, ubicando ao este do núcleo da vila de Carballo casi 70 hectáreas de equipamento que serían unha referencia a nivel comarcal onde tiveran cabida máis disciplinas deportivas, sendo Carballo un dos concellos de Galicia que ten menos variedade deportiva, con todo o que iso conleva.

Propoñemos a delimitación dun ámbito de superficie aproximada de 108.600m<sup>2</sup> para a ordenación dunha ampla área de dotacións deportivas e socioculturais colindante polo este co casco urbano de Carballo para dar os primeiros pasos dunha futura cidade deportiva

O ámbito que presentamos é colindante co ámbito do PE-3 – RÍO ANLLÓNS, definido no vixente PXOM, e que pretende a protección, conservación e posta en valor do medio natural na ribeira do río Anllóns.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, está de acordo coa emenda do BNG e dálle igual o modelo ou fórmula. Critica que as instalacións non están adaptadas, por exemplo que non había monitor no ximnasio...que o capítulo I é demasiado, que non se acende o aire. Engade que a lagoa sería un sitio ideal e que podería facerse por fases.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, móstrase a favor pero sinala que serán os técnicos os que decidan como desenvolver a área.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, de acordo coa moción e a emenda, solicita que sexan proxectos realizables.

Marcos José Trigo Facal, concelleiro delegado de Deporte e Cultura, matiza que na moción fáse moito ao detalle o que pode chocar con criterios dos técnicos. Indica que xa levan anos traballando na idea e que teñen que ser cuestións realizables que deben estudar os técnicos urbanísticos e de deportes.

José Bello Pallas, concelleiro de TEGA, en 20 anos non se conseguiu a ver se agora é posible, que o miren os técnicos.

Evencio Ferrero Rodríguez, presidente da sesión sinala que é importante a unanimidade do pleno como representantes da veciñanza e que nese ámbito é a área ideal.

Dáse conta e transcríbese a emenda de engádegas presentada polo grupo municipal do BNG

“O concello de Carballo avaliará a proposta para escoller a fórmula axeitada que permita dotar de infraestruturas deportivas e culturais á Agra da Lagoa”.

Sometida a emenda a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (20) acorda aprobar a moción enmendada presentada polo grupo municipal do BNG por unanimidade dos membros presentes (20), polo grupo municipal do BNG (11), Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca

## **9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, REXISTRO DE ENTRADA NÚMERO 20229000006786 DE 14 DE NOVEMBRO, PARA INSTAR A XUNTA A QUE SE CUMPRE CO PACTO E O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL. (CIBPS DE 22/11/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 22/11/2022, punto 5 da orde do día, en relación á moción presentada polo grupo municipal do



PSdeG-PSOE, rexistro de entrada número 202290000006786 de 14 de novembro, para instar á Xunta a que se cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, le o contido da moción.

A economía global está inmersa nunha crise inflacionista a consecuencia dunha pandemia e da invasión de Ucraína; crise que afecta principalmente a materias primas, e, en xeral, á enerxía.

Esta crise impacta de xeito xeralizado a todos os axentes económicos, tamén ás administracións públicas, e moi directamente no caso das administracións públicas locais.

As administracións locais están a sufrir un incremento dos custos aos que teñen que facer fronte, tanto nos investimentos como tamén no gasto corrente, que está a experimentar un crecemento extraordinario.

Este incremento do gasto minorará irremediamente os recursos das facendas locais destinados a atender as necesidades da veciñanza, particularmente, as de carácter social.

Pois ben, dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, as políticas desenvolvidas polo Partido Popular só se caracterizan polo desprezo ás administracións públicas locais.

Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das entidades locais, e sobrecargando aos concellos con competencias impropias sen dotalos dos recursos precisos. Dándose o paradoxo de que a cidadanía reclama aos concellos servizos públicos que son competencia da Xunta de Galicia.

Así as cousas, dun xeito conveniente para o goberno popular da Xunta de Galicia, os concellos son administracións de segunda categoría cando esixen que se actualice o seu financiamento, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata aos/ás cidadáns/ás.

O pasado día 20 de outubro a Xunta ven de presentar ante o Parlamento de Galicia o seu proxecto de orzamentos para o vindeiro ano 2023. O proxecto presentado mantén para o Fondo de Cooperación Local a partida base, que leva dez anos conxelada en 113 millóns de euros, mentres duplica a adicional, que pasa de 12,9 a case 30,5 millóns de euros.

Deste xeito, entre o fondo base e o adicional a contía total asignada ao Fondo de Cooperación Local ascende a 143,5 millóns de euros, un 14% máis que no ano anterior, con 17,4 millóns de euros adicionais. É sabido que este fondo adicional corresponde a gastos condicionados que non respectan a autonomía local, e normalmente refírense a competencias que son propias da comunidade autónoma.

A FEGAMP leva anos reclamando un aumento da financiación base, necesaria para que os concellos poidan desenvolver as súas competencias. Esta reivindicación conta co respaldo de todos e cada un dos 313 concellos galegos.

Se nun contexto económico ordinario é unha obriga da Xunta de Galicia garantir un adecuado financiamento das entidades locais, aínda con máis motivo será no medio dunha crise inflacionista como a actual.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia recoñeza as especiais dificultades ás que están a facer fronte os concellos co incremento de custos, e que aposte polos concellos e asuma o compromiso de darlle unha solución ao reparto dos recursos, como así fai o Goberno Central, que si ven de aumentar a PIE.

